



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2016

Alcalde-Presidente:

Don Antonio Fernández Angueira.

Concelleiros presentes:

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Andrés Sanmarco Santos.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Don Francisco García Dios.

Secretaria:

Dona Ana María Ares Álvarez.

Interventor accidental:

Don José Marcelino Rivera Rarís

Na Alcaldía da Casa Consistorial de Padrón, sendo as dez horas do día vinte e cinco de febreiro de dous mil dezaseis, baixo a Presidencia do señor Alcalde don Antonio Fernández Angueira reúnen-se as señoras Concelleiras e os señores Concelleiros relacionados na cabeceira, todas e todos membros da Xunta de Goberno Local, co fin de celebrar a sesión ordinaria deste órgano en primeira convocatoria, asistidos da Secretaria da Corporación dona Ana María Ares Álvarez, de acordo coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 11 DE FEBREIRO DE 2016.

Remitido ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros o texto da acta da sesión ordinaria realizada o once de febreiro de dous mil dezaseis por esta Xunta de Goberno Local, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

2.- CORRECCIÓN DE ERROS DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL SOBRE A DECLARACIÓN DAS FESTAS DE PASCUA COMO UN SECTOR PRIORITARIO PARA O CONCELLO DE PADRÓN E PROVISIÓN DE CATORCE (14) POSTOS DE TRABALLO DE PEÓNS PARA TRABALLOS VARIOS RELACIONADOS COAS FESTAS DA PASCUA 2016.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 22 de febreiro de 2016:

<<Antecedentes administrativos.

Na Moción de urxencia tratada na sesión da Xunta de Goberno Local do 11 de febreiro de 2016, a cal resultou aprobada, advertiuse 1 erro no punto "segundo" do acordo, concretamente no último dos apartados, dado que di "*Retribución bruta mensual: 1.294,51 € máis o prorrateo das pagas extraordinarias e liquidación por vacacións e fin de contrato*", cando o correcto é que nesa cantidade está incluído o prorrateo

das pagas extraordinarias e liquidación por vacacións e fin de contrato.

Fundamentos de dereito.

Considerando que o artigo 105.2. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, recolle que *"las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos"*,

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Correxir o erro cometido no último apartado do punto segundo do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 11 de febreiro de 2016 no punto da orde do día "Mocións de urxencia", de tal xeito que onde di:

- *"Retribución bruta mensual: 1.294,51 € máis o prorrateo das pagas extraordinarias e liquidación por vacacións e fin de contrato"*.

Debe dicir:

- *"Retribución bruta mensual: 1.294,51 € incluído o prorrateo das pagas extraordinarias e liquidación por vacacións e fin de contrato"*.

Segundo. O presente acordo pon fin á vía administrativa e contra o mesmo poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Dar traslado da presente resolución á Intervención Municipal e dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Correxir o erro cometido no último apartado do punto segundo do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 11 de febreiro de 2016 no punto da orde do día "Mocións de urxencia", de tal xeito que onde di:

- *"Retribución bruta mensual: 1.294,51 € máis o prorrateo das pagas extraordinarias e liquidación por vacacións e fin de contrato"*.

Debe dicir:

- *"Retribución bruta mensual: 1.294,51 € incluído o prorrateo das pagas extraordinarias e liquidación por vacacións e fin de contrato"*.

Segundo. O presente acordo pon fin á vía administrativa e contra o mesmo poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Dar traslado da presente resolución á Intervención Municipal e dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

3.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE INSTALACIÓN DE LIÑA DE BAIXA TENSIÓN SOTERRADA PARA BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS NO LUGAR DE TARRÍO, FORMULADA POR UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A. EXPEDIENTE 118/2015/LU.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 23 de febreiro de 2016:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 8 de xullo de 2015 ten entrada no Concello, con número de rexistro 6144, solicitude de licenza municipal de obras para construción de instalacións para instalación de liña de baixa tensión soterrada para bombeo de augas residuais no lugar de Tarrío, Cruces, formulada por D. José Antonio Fernández Amaro en representación da mercantil UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A. Achégase coa solicitude memoria técnica "Provisión de servico de Lg. Tarrío S/N, permisos previos" redactado e asinado polo enxeñeiro industrial D. Burkard Hetch Elorduy.

Segundo. En data 7 de agosto de 2015 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús emite informe técnico favorable ás obras solicitadas, referindo a necesidade de designar un técnico responsable de dirección da obra, aval por importe de 950,00 euros e autorización sectorial de Augas de Galicia. Indica así mesmo que procede tramitar o expediente perante a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por incidir a intervención na zona de protección lateral do Camiño Portugués de Santiago.

Terceiro. En data 10 de agosto de 2015 remítese oficio á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria xunto con copia do expediente administrativo e informe técnico aos efectos de tramitar a preceptiva autorización sectorial.

Cuarto. En mesma data e posteriormente, en data 27 de agosto de 2015, remítese requirimento ao interesado de documentación adicional referida no informe técnico municipal precisa para a tramitación da solicitude.

Quinto. En data 25 de agosto de 2015 ten entrada no Concello oficio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Augas de Galicia, Zona Hidrográfica de Galicia-Centro, solicitando a exposición ao público e a emisión de informe sobre a separata da solicitude de autorización para a intervención obxecto do presente expediente, que se adxunta así mesmo co oficio.

Sexto. En data 26 de agosto de 2015 emítese informe técnico requirido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Augas de Galicia, Zona Hidrográfica de Galicia-Centro, do que se remite copia ao citado órgano en mesma data.

Sétimo. En data 9 de setembro de 2015 ten entrada no Concello escrito do solicitante achegando o aval requirido.

Oitavo. En data 27 de outubro de 2015 ten entrada no Concello resolución de data 20 de outubro de 2015 da dirección de Augas de Galicia outorgando autorización para a instalación obxecto do expediente.

Noveno. En data 7 de xaneiro de 2016 ten entrada no Concello "Informe sobre unha intervención no Camiño de Santiago" emitido pola directora xeral de Protección do Patrimonio Cultural, favorable ás obras solicitadas con certas condicións referentes á súa execución, entre as que se atopa a execución dun control arqueolóxico que deberá ser autorizado.

Décimo. En data 12 de xaneiro de 2016 ten entrada no Concello escrito do solicitante que achega documentación adicional requirida necesaria para a tramitación da solicitude.

Décimo Primeiro. En data 1 de febreiro de 2016 ten entrada no Concello resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 25 de xaneiro de 2016 que autoriza a execución do control arqueolóxico

conforme o proxecto presentado.

Décimo segundo. En data 9 de febreiro de 2016 ten entrada no Concello escrito do solicitante achegando autorización sectorial de Augas de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e nomeamento visado de técnico director de obra.

Décimo terceiro. En data 19 de febreiro de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo informa favorablemente a solicitude.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Artigo 195.3 da LOUG en canto á consideración da obra como menor e a excepción da necesidade de aportación de proxecto técnico completo redactado coma técnico competente.

Segundo. Artigos 33.2 f) e 36.1 da LOUG, así coma ordenanza de solo non urbanizable de núcleo rural de poboación (NN) do PXOM do Concello de Padrón en canto o uso autorizable e as condicións de edificación.

Terceiro. As obras solicitadas inciden na zona de protección lateral do Camiño Portugués de Santiago, establecida polo artigo 6 da lei 3/1996, de 10 de maio, de protección dos tramos do Camiño de Santiago na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta zona lateral de protección implica que toda intervención debe someterse a informe previo por parte do órgano competente en materia de protección do Patrimonio Histórico a nivel autonómico.

No presente caso cóntase con “Informe sobre unha intervención no Camiño de Santiago” emitido polo Directora xeral de Protección do Patrimonio Cultural en data 22 de decembro de 2015 favorable ás obras solicitadas con certas condicións referentes á súa execución.

Estas condicións non implican modificacións no proxecto da intervención polo que non é necesario requirir modificado algún nin documentación adicional. Deberá apercibirse ao solicitante de que a intervención se atopa sometida a tal condicionado. A condición de presentar un proxecto de control arqueolóxico que deba ser autorizado foi así mesmo cumprida coma se refire nos antecedentes administrativos.

Cuarto. O trazado da ampliación de rede incide na zona de protección de cauces definida pola Lei de Augas e o Regulamento do Dominio Público Hidráulico pola proximidade a un regato. Isto implica a necesidade de tramitar autorización sectorial previa por parte do organismo de Conca, neste caso a Zona Hidrográfica Galicia Centro de Augas de Galicia.

Tramitouse a correspondente autorización sectorial, sendo obxecto de exposición ao público coma se refire nos antecedentes administrativos. Tras seguir os trámites oportunos, recae resolución de data 20 de outubro de 2015 de Augas de Galicia que outorga a devandita autorización. Unha vez máis, a intervención deberá cumprir co condicionado xeral e particular da devandita autorización.

Quinto. A instalación está excluída da necesidade de tramitar autorización administrativa previa por parte da Consellería de Economía e Industria previa tramitación do proxecto de execución, conforme o establecido polo artigo 111 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, que exclúe de esta necesidade ás instalacións de potencia inferior a 1 kV.

Sexto. En base ao disposto nos informes do arquitecto técnico do 7 de agosto de 2015 e o do Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo do 22 de febreiro de 2016, e os argumentos nestes recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Sétimo. Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Outorgar a UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A. Licenza municipal de obras para construción de instalación de liña de baixa tensión soterrada para abastecemento eléctrico a bombeo de augas residuais no lugar de Tarrío (Cruces), conforme a memoria técnica "Provisión de servicio de Lg. Tarrío S/N, permisos previos" redactado e asinado polo enxeñeiro industrial D. Burkard Hetch Elorduy, con data 3 de xuño de 2015 e rexistro de entrada no Concello nº 6144, de 8 de xullo de 2015, expediente 118/2015/LU.

- O promotor queda obrigado a poñer en coñecemento dos Servizos Técnicos por escrito a data de inicio das obras, así coma as posibles interrupcións nas mesmas e a súa conclusión, achegando en este último caso a correspondente acta de finalización das obras.
- Deberá cumprir coas obrigas impostas polo Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.
- As obras deberán estar convenientemente sinalizadas para non implicar perigo para os usuarios dos viais afectados e garantir o axeitado tránsito rodado e peonil. En todo momento en torno á xestión dos residuos, a incidencia nos cruces de vías ou calquera outra circunstancia, a dirección de obra deberá poñer en coñecemento do Concello calquera circunstancia relevante no desenrolo das mesmas. Asimesmo, de cara aos cortes ou restriccións de tráfico rodado ou peonil que se poidan derivar da execución das obras, deberáse poñer en coñecemento da policía local para a verificación por parte deste servizo de que se adoitan as medidas axeitadas a este respecto.

Segundo. A licenza non exime do cumprimento do condicionado xeral e particular das seguintes resolucións e autorizacións sectoriais:

– Resolución de data 20 de outubro de 2015 da Zona Hidrográfica Galicia-Centro, Augas de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

– "Informe sobre unha intervención no Camiño de Santiago" emitido pola directora xeral de Protección do Patrimonio Cultural en data 22 de decembro de 2015.

Terceiro. En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: solo non urbanizable de protección fluvial (SF), solo rústico de protección das augas segundo a LOUG; solo non urbanizable de núcleo rural de poboación (NN), solo de núcleo rural conforme a LOUG.
- Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: instalación de liña de baixa tensión soterrada para abastecemento eléctrico a bombeo de augas residuais.
- Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: non procede.
- Contía na que se orzan as obras: 2.924,97 euros.
- Situación e emprazamento das obras: Lugar de Tarrío, Padrón.
- Nome ou razón social do promotor: UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A.
- Técnico autor do proxecto: Burkard Hecht Elorduy (enxeñeiro industrial)
- Técnico director das obras: Soraya Morales García (enxeñeira técnica industrial)
- Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán comezarse no prazo de tres (3)

meses dende a data de notificación do acto administrativo que outorgue a licenza, e terse rematadas no prazo de seis (6) meses dende o inicio das obras. No tocante á caducidade das licenzas, estarase ao disposto polo artigo 197 da LOUG.

Cuarto. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Quinto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Sexto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

Sétimo. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais, así coma ao servizo municipal de Policía Local para o seu coñecemento e a adopción das medidas oportunas en canto á circulación na zona obxecto da intervención autorizada.

Oitavo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Outorgar a UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A. Licenza municipal de obras para construción de instalación de liña de baixa tensión soterrada para abastecemento eléctrico a bombeo de augas residuais no lugar de Tarrío (Cruces), conforme a memoria técnica "Provisión de servizo de Lg. Tarrío S/N, permisos previos" redactado e asinado polo enxeñeiro industrial D. Burkard Hetch Elorduy, con data 3 de xuño de 2015 e rexistro de entrada no Concello nº 6144, de 8 de xullo de 2015, expediente 118/2015/LU.

- a) O promotor queda obrigado a poñer en coñecemento dos Servizos Técnicos por escrito a data de inicio das obras, así coma as posibles interrupcións nas mesmas e a súa conclusión, achegando en este último caso a correspondente acta de finalización das obras.
- b) Deberá cumprir coas obrigas impostas polo Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.
- c) As obras deberán estar convenientemente sinalizadas para non implicar perigo para os usuarios dos viais afectados e garantir o axeitado tránsito rodado e peonil. En todo momento en torno á xestión dos residuos, a incidencia nos cruces de vías ou calquera outra circunstancia, a dirección de obra deberá poñer en coñecemento do Concello calquera circunstancia relevante no desenrolo das mesmas. Asimesmo, de cara aos cortes ou restricións de tráfico rodado ou peonil que se poidan derivar da execución das obras, deberáse poñer en coñecemento da policía local para a verificación por parte deste servizo de que se adoitan as medidas axeitadas a este respecto.

Segundo. A licenza non exige do cumprimento do condicionado xeral e particular das seguintes resolucións e autorizacións sectoriais:

- Resolución de data 20 de outubro de 2015 da Zona Hidrográfica Galicia-Centro, Augas de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

– “Informe sobre unha intervención no Camiño de Santiago” emitido pola directora xeral de Protección do Patrimonio Cultural en data 22 de decembro de 2015.

Terceiro. En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: solo non urbanizable de protección fluvial (SF), solo rústico de protección das augas segundo a LOUG; solo non urbanizable de núcleo rural de poboación (NN), solo de núcleo rural conforme a LOUG.

b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: instalación de liña de baixa tensión soterrada para abastecemento eléctrico a bombeo de augas residuais.

c) Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: non procede.

d) Contía na que se orzan as obras: 2.924,97 euros.

e) Situación e emprazamento das obras: Lugar de Tarrío, Padrón.

f) Nome ou razón social do promotor: UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A.

g) Técnico autor do proxecto: Buckard Hecht Elorduy (enxeñeiro industrial)

h) Técnico director das obras: Soraya Morales García (enxeñeira técnica industrial)

i) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán comezarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto administrativo que outorgue a licenza, e terse rematadas no prazo de seis (6) meses dende o inicio das obras. No tocante á caducidade das licenzas, estarase ao disposto polo artigo 197 da LOUG.

Cuarto. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Quinto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Sexto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

Sétimo. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais, así coma ao servizo municipal de Policía Local para o seu coñecemento e a adopción das medidas oportunas en canto á circulación na zona obxecto da intervención autorizada.

Oitavo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

4.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS PARA CONSTRUCCIÓN DE CUBERTA DE ESTRUCTURA METÁLICA E CHAPA DE ALUMINIO NO LUGAR DE SANTA CRUZ, FORMULADA POR CURVADOS HERMANOS TUBÍO S.L. EXPEDIENTE 191/2015/LU.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 23 de febreiro de 2016:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 17 de novembro de 2015 ten entrada no Concello, con número de rexistro 9825, solicitude xeral formulada por D. Sergio Tubío Agrasar en calidade de representante da mercantil "CURVADOS TUBÍO, S.L." na que solicita licenza para obra consistente en instalación de estrutura metálica e cuberta de aluminio anexa a edificación industrial existente no lugar de Santa Cruz. Achégase orzamento, planos de situación e estado actual e planos da estrutura proxectada.

Segundo. En data 4 de xaneiro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González informa desfavorablemente as obras solicitadas.

Terceiro. En data 22 de febreiro de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo informa desfavorablemente as obras solicitadas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro. Examinado o expediente e visto o informe técnico desfavorable para a intervención, a solicitude adoece de varios defectos, algúns dos cales resultarían subsanables, pero a devandita subsanación carece de senso dado que segundo se refire no informe técnico e se ratificará a continuación, a intervención solicitada non é compatible co ordenamento urbanístico.

Segundo. Deste xeito, en primeiro lugar a solicitude non se plantexa no formulario establecido ao efecto. E por outra banda o solicitante non acredita o seu poder de representación respecto á mercantil promotora.

Estes defectos plantexarían a necesidade de proceder a requirir documentación adicional, así coma fotografías do estado actual do edificio, pero coma se manifestou anteriormente non resultará necesario por se tratar dunha obra non autorizable, feito que se apercibe simplemente coa documentación obrante no expediente.

Terceiro. De acordo co expresado polo informe técnico municipal, o solo obxecto de actuación está calificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) coma solo non urbanizable común (NU).

O planeamento municipal, redactado e aprobado no ano 1994, non se atopa adaptado á lei do solo, feito este que supón un grave prexuízo con respecto á ordenación urbanística municipal coma se ten manifestado en diferentes informes. Este feito fai así mesmo que lle resulte de aplicación o réxime transitorio establecido pola LOUG para os municipios con planeamento adaptado na súa disposición transitoria primeira.

Isto se reflicte no caso que nos ocupa en que o solo cualificado polo Plan coma non urbanizable terá a consideración de solo rústico común, e lle resultará de aplicación íntegramente o réxime establecido pola LOUG para tal tipo de solo.

Dado o uso solicitado, dun compresor para unha actividade industrial, éste non resulta compatible co tipo de solo no que se ubica, polo que a intervención xa neste punto non sería autorizable, sendo un uso prohibido en solo rústico.

Terceiro. Por outra banda, isto nos leva á situación da nave industrial anexa, que tamén se sitúa en solo rústico aos efectos da LOUG. Se descoñecen as circunstancias da súa construción, que se supón que data de fai tempo pero da que non se teñen datos. Isto ten importancia debido a que se a construción tivera menos de seis anos de antigüidade, a administración estaría en prazo para adoitar as medidas de restauración da legalidade ás que está obrigada, e en consecuencia debería incoarse un expediente de reposición da legalidade por obras construídas ou ben sen licenza ou por un uso construtivo prohibido en solo rústico, xa que coma se referiu, o uso industrial non se admite no tipo de solo no que se ubica a nave,



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

que a reserva de informe técnico ao respecto e documentación gráfica incumpre así mesmo a tipoloxía e varios parámetros das edificacións en solo rústico.

Tomando coma base a posibilidade de que a edificación fose anterior, circunstancia que reiteramos non nos consta, e debería ser complementada polo correspondente informe técnico, trataríase dunha edificación que conforme o artigo 210.2 da LOUG pasaría a estar na situación legal de fóra de ordenación por ter transcorrido o prazo de seis anos sen que a administración adoptase medidas de restauración da legalidade.

Esta situación legal de fóra de ordenación determinaríase que se lle aplicase o réxime establecido polo artigo 103 da LOUG, réxime do que a xurisprudencia ven reiterando que debe aplicarse cun maior rigor se cabe no caso de edificacións incursas neste réxime por se ter construído ilegalmente pero non se ter adoptado medidas a tempo, coma sería o caso.

Pois ben, este réxime implica que só se poderían autorizar en estas edificacións obras de conservación e mantemento do uso preexistente, o que implicaría a imposibilidade de autorizar obras de ampliación coma a solicitadas.

Cuarto. En base ao disposto nos informes do arquitecto técnico do 4 de xaneiro de 2016 e o do Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo do 22 de febreiro de 2016, e os argumentos nestes recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

O órgano competente para o otorgamento deste tipo de licenzas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. DENEGAR a licenza municipal de obras para construción de estrutura metálica e cuberta de chapa de aluminio anexa a nave industrial sita no lugar de Santa Cruz, formulada por D. Sergio Tubío Agrasar en calidade de representante da mercantil "CURVADOS TUBÍO, S.L.", por incumprimento da normativa urbanística aplicable ao solo rústico.

Segundo. Dar traslado ao departament de urbanismo aos efectos de que polos servizos técnicos se xire visita de comprobación que verifique que as obras non foron executadas, e así mesmo se informe sobre o procedente respecto á situación urbanística da nave industrial existente na parcela.

Terceiro. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. DENEGAR a licenza municipal de obras para construción de estrutura metálica e cuberta de chapa de aluminio anexa a nave industrial sita no lugar de Santa Cruz, formulada por D. Sergio Tubío Agrasar en calidade de representante da mercantil "CURVADOS TUBÍO, S.L.", por incumprimento da normativa urbanística aplicable ao solo rústico.

Segundo. Dar traslado ao departament de urbanismo aos efectos de que polos servizos técnicos se xire visita de comprobación que verifique que as obras non foron executadas, e así mesmo se informe sobre o procedente respecto á situación urbanística da nave industrial existente na parcela.

Terceiro. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

5.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE INSTALACIÓN DE REDE DE DISTRIBUCIÓN PARA SUBMINISTRO DE GAS NATURAL A INSTALACIÓN INDUSTRIAL (PIENSOS NANFOR S.A.), NO LUGAR DE VILAR, FORMULADA POR GAS NATURAL DISTRIBUCIÓN SDG S.A. EXPEDIENTE 47/2015/LU.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 23 de febreiro de 2016:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 13 de abril de 2015 ten entrada no Concello, con número de rexistro 2875, solicitude de licenza municipal de obras para construción de instalacións para rede de distribución de gas natural a instalación industrial, Piensos Nanfor S.A., no lugar de Vilar (Cruces), formulada por D. Gabriel J. Collado Rodríguez en representación da mercantil GAS NATURAL DISTRIBUCIÓN SDG S.A. Achégase coa solicitude “Proyecto de autorización y ejecución de instalaciones para red de distribución para suministro de gas natural con MOP 16 Bar a Piensos Nanfor S.A. Separata para solicitud de permiso de obras por afección al Camino de Santiago, Dirección Xeral de Patrimonio” redactado e asinado polo enxeñeiro técnico industrial D. Antonio Javier Sabín Vázquez. Achéganse así mesmo dous exemplares de proxecto técnico “Proyecto de autorización y ejecución de instalaciones para red de distribución para suministro de gas natural con MOP 16 Bar a Piensos Nanfor S.A – solicitud de licencia municipal”.

Segundo. En data 27 de maio de 2015 emítese requirimento ao interesado de documentación adicional precisa para a tramitación da solicitude.

Terceiro. En data 4 de xuño de 2015 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González emite informe técnico favorable ás obras solicitadas, referindo a necesidade de achegar oficios de dirección da obra, aval por importe de 10.080 euros e autorizacións sectoriais de Augas de Galicia e do administrador de infraestruturas ferroviarias (ADIF). Indica así mesmo que procede tramitar o expediente perante a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por incidir a intervención na zona de protección lateral do Camiño Portugués de Santiago.

Cuarto. En data 5 de xuño de 2015 remítese oficio á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria xunto con copia do expediente administrativo e informe técnico aos efectos de tramitar a preceptiva autorización sectorial.

Quinto. En mesma data remítese requirimento ao interesado de documentación adicional referida no informe técnico municipal precisa para a tramitación da solicitude.

Sexto. En data 8 de xullo de 2015 ten entrada no Concello oficio da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria, Delegación Territorial da Coruña, reiterando a solicitude de conformidade ou oposición municipal ao proxecto de execución referido á intervención obxecto do presente expediente.

Sétimo. En data 31 de agosto de 2015 ten entrada no Concello escrito do solicitante achegando o aval requirido.

Oitavo. En data 17 de setembro de 2015 ten entrada no Concello oficio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Augas de Galicia, Zona Hidrográfica de Galicia-Centro, solicitando a exposición ao público e a emisión de informe sobre a separata da solicitude de autorización para a intervención obxecto



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

do presente expediente, que se adxunta así mesmo co oficio.

Noveno. En data 21 de setembro de 2015 remítese á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Augas de Galicia, Zona Hidrográfica de Galicia-Centro, copia do informe técnico municipal sobre a licenza solicitada.

Décimo. En data 29 de outubro de 2015 remítese oficio á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Augas de Galicia, Zona Hidrográfica de Galicia-Centro devolvendo anuncio de información pública referido ao expediente e certificación acreditativa da súa exposición ao público.

Décimo primeiro. En data 18 de novembro de 2015 ten entrada no Concello "Informe sobre unha intervención no Camiño de Santiago" emitido polo subdirector xeral de Protección do Patrimonio Cultural, favorable ás obras solicitadas con certas condicións referentes á súa execución.

Décimo segundo. En data 15 de febreiro de 2016 ten entrada no Concello escrito do solicitante achegando autorización sectorial de ADIF, Augas de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e Autorización do proxecto de execución das instalacións da Xefatura Territorial de A Coruña da Consellería de Economía Emprego e Industria.

Décimo terceiro. En data 18 de febreiro de 2016 ten entrada no Concello escrito do solicitante que achega documentación adicional requirida necesaria para a tramitación da solicitude.

Décimo cuarto. En data 19 de febreiro de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo informa favorablemente a solicitude.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Artigo 195.3 da LOUG en canto á consideración da obra como maior e a necesidade de aportación de proxecto técnico completo redactado por técnico competente.

Segundo. Artigo 194.2 da LOUG en canto á tramitación coma licenza municipal das obras que requiran a presentación dun proxecto técnico redactado por técnico competente.

Terceiro. As obras solicitadas inciden na zona de protección lateral do Camiño Portugués de Santiago, establecida polo artigo 6 da lei 3/1996, de 10 de maio, de protección dos tramos do Camiño de Santiago na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta zona lateral de protección implica que toda intervención debe someterse a informe previo por parte do órgano competente en materia de protección do Patrimonio Histórico a nivel autonómico.

No presente caso cóntase con "Informe sobre unha intervención no Camiño de Santiago" emitido polo subdirector xeral de Protección do Patrimonio Cultural en data 12 de novembro de 2015 favorable ás obras solicitadas con certas condicións referentes á súa execución.

Estas condicións non implican modificacións no proxecto da intervención polo que non é necesario requirir modificado algún nin documentación adicional.

Cuarto. O trazado da ampliación de rede cruza así mesmo un regato e incide na zona de protección de cauces do río Sar pola súa marxe esquerda. Conforme o disposto polo Texto refundido da Lei de Augas, aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo (TRLA), nos seus artigos 2 e 6 e polo Regulamento do Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986, do 11 de abril (RDPH) nos seus artigos 78 e 126, isto implica a necesidade de tramitar autorización sectorial previa por parte do organismo de Conca, neste caso a Zona Hidrográfica Galicia Centro de Augas de Galicia.

Tramitouse a correspondente autorización sectorial, sendo obxecto de exposición ao público coma se refire nos antecedentes administrativos. Tras seguir os trámites oportunos, recae resolución de data 2 de febreiro de 2016 de Augas de Galicia que outorga a devandita autorización. Unha vez máis, a intervención deberá cumprir co condicionado xeral e particular da devandita autorización.

Quinto. O trazado da liña incide así mesmo no dominio público ferroviario ao efectuar un cruce baixo viaducto da liña de ferrocarril Vigo-Santiago do eixo atlántico de alta velocidade e outro na liña Vilagarcía a bifurcación de Angueira baixo paso inferior. A normativa aplicable prevé que neste caso se precisa autorización por parte do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF).

Cóntase no presente caso coa Resolución de Adif de data 31 de xullo de 2015, co que se dá cumprimento á citada necesidade de autorización sectorial. Como nas anteriores, a licenza que se outorgue quedará condicionada así mesmo ao condicionado xeral e particular da citada resolución.

Sexto. En base ao disposto nos informes do arquitecto técnico do 4 de xuño de 2015 e o do Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo do 19 de febreiro de 2016, e os argumentos nestes recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Sétimo. Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. outorgar a GAS NATURAL DISTRIBUCIÓN SDG S.A. Licenza municipal de obras para construción de instalacións para rede de distribución de gas natural a instalación industrial, Pensos Nanfor S.A., no lugar de Vilar (Cruces), conforme o "Proyecto de autorización y ejecución de instalaciones para red de distribución para suministro de gas natural con MOP 16 Bar a Pensos Nanfor S.A." redactado e asinado polo enxeñeiro técnico industrial D. Antonio Javier Sabín Vázquez, con data xaneiro de 2015 e rexistro de entrada no Concello nº 2875, de 13 de abril de 2015.

- a) O promotor queda obrigado a poñer en coñecemento dos Servizos Técnicos por escrito a data de inicio das obras, así coma as posibles interrupcións nas mesmas e a súa conclusión, achegando en este último caso a correspondente acta de finalización das obras.
- b) Deberá cumprir coas obrigas impostas polo Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.
- c) As obras deberán estar convenientemente sinalizadas para non implicar perigo para os usuarios dos viais afectados e garantir o axeitado tránsito rodado e peonil. En todo momento en torno á xestión dos residuos, a incidencia nos cruces de vías ou calquera outra circunstancia, a dirección de obra deberá poñer en coñecemento do Concello calquera circunstancia relevante no desenrolo das mesmas. Asimesmo, de cara aos cortes ou restricións de tráfico rodado ou peonil que se poidan derivar da execución das obras, deberáse poñer en coñecemento da policía local para a verificación por parte deste servizo de que se adoitan as medidas axeitadas a este respecto.

Segundo. A licenza non exige do cumprimento do condicionado xeral e particular das seguintes resolucións e autorizacións sectoriais:

- Resolución do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) de data 31 de xullo de 2015.
- Resolución de data 2 de febreiro de 2016 da Zona Hidrográfica Galicia-Centro, Augas de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.
- "Informe sobre unha intervención no Camiño de Santiago" emitido polo subdirector xeral de Protección do Patrimonio Cultural en data 12 de novembro de 2015.

Terceiro. En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos da licenza



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

concedida:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: solo non urbanizable común (NU), solo rústico segundo a LOUG; solo non urbanizable de núcleo rural de poboación (NN), solo de núcleo rural conforme a LOUG.
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: instalación de rede de distribución para subministro de gas natural con MOP 16 BAR a Piensos Nanfor S.A. (Canalización de 710,00 m2 e acometida de 18,00 m2)
- c) Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: non procede.
- d) Contía na que se orzan as obras: 80.557,30 euros.
- e) Situación e emprazamento das obras: Lugar de Vilar, Padrón.
- f) Nome ou razón social do promotor: Gas Natural Distribución SDG S.A.
- g) Técnico autor do proxecto: Antonio Javier Sabín Vázquez (enxeñeiro técnico industrial)
- h) Técnico director das obras: Ana Mouriño Costa (enxeñeira técnica industrial)
- i) Coordinador de seguridade e saúde: Miguel Docampo Álvarez (arquitecto técnico)
- j) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán comezarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto administrativo que outorgue a licenza, e terse rematadas no prazo de seis (6) meses dende o inicio das obras. No tocante á caducidade das licenzas, estarase ao disposto polo artigo 197 da LOUG.

Cuarto. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Quinto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Sexto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

Sétimo. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais, así coma ao servizo municipal de Policía Local para o seu coñecemento e a adopción das medidas oportunas en canto á circulación na zona obxecto da intervención autorizada.

Oitavo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. outorgar a GAS NATURAL DISTRIBUCIÓN SDG S.A. Licenza municipal de obras para construción de instalacións para rede de distribución de gas natural a instalación industrial, Piensos Nanfor S.A., no lugar de Vilar (Cruces), conforme o "Proyecto de autorización y ejecución de instalaciones para red de distribución para suministro de gas natural con MOP 16 Bar a Piensos Nanfor S.A." redactado e asinado

polo enxeñeiro técnico industrial D. Antonio Javier Sabín Vázquez, con data xaneiro de 2015 e rexistro de entrada no Concello nº 2875, de 13 de abril de 2015.

- a) O promotor queda obrigado a poñer en coñecemento dos Servizos Técnicos por escrito a data de inicio das obras, así coma as posibles interrupcións nas mesmas e a súa conclusión, achegando en este último caso a correspondente acta de finalización das obras.
- b) Deberá cumprir coas obrigas impostas polo Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.
- c) As obras deberán estar convenientemente sinalizadas para non implicar perigo para os usuarios dos viais afectados e garantir o axeitado tránsito rodado e peonil. En todo momento en torno á xestión dos residuos, a incidencia nos cruces de vías ou calquera outra circunstancia, a dirección de obra deberá poñer en coñecemento do Concello calquera circunstancia relevante no desenrolo das mesmas. Asimesmo, de cara aos cortes ou restriccións de tráfico rodado ou peonil que se poidan derivar da execución das obras, deberáse poñer en coñecemento da policía local para a verificación por parte deste servizo de que se adoitan as medidas axeitadas a este respecto.

Segundo. A licenza non exige do cumprimento do condicionado xeral e particular das seguintes resolucións e autorizacións sectoriais:

- Resolución do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) de data 31 de xullo de 2015.
- Resolución de data 2 de febreiro de 2016 da Zona Hidrográfica Galicia-Centro, Augas de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.
- "Informe sobre unha intervención no Camiño de Santiago" emitido polo subdirector xeral de Protección do Patrimonio Cultural en data 12 de novembro de 2015.

Terceiro. En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: solo non urbanizable común (NU), solo rústico segundo a LOUG; solo non urbanizable de núcleo rural de poboación (NN), solo de núcleo rural conforme a LOUG.
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: instalación de rede de distribución para subministro de gas natural con MOP 16 BAR a Piensos Nanfor S.A. (Canalización de 710,00 m2 e acometida de 18,00 m2)
- c) Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: non procede.
- d) Contía na que se orzan as obras: 80.557,30 euros.
- e) Situación e emprazamento das obras: Lugar de Vilar, Padrón.
- f) Nome ou razón social do promotor: Gas Natural Distribución SDG S.A.
- g) Técnico autor do proxecto: Antonio Javier Sabín Vázquez (enxeñeiro técnico industrial)
- h) Técnico director das obras: Ana Mouriño Costa (enxeñeira técnica industrial)
- i) Coordinador de seguridade e saúde: Miguel Docampo Álvarez (arquitecto técnico)
- j) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán comezarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto administrativo que outorgue a licenza, e terse rematadas



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

no prazo de seis (6) meses dende o inicio das obras. No tocante á caducidade das licenzas, estarase ao disposto polo artigo 197 da LOUG.

Cuarto. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Quinto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Sexto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

Sétimo. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais, así coma ao servizo municipal de Policía Local para o seu coñecemento e a adopción das medidas oportunas en canto á circulación na zona obxecto da intervención autorizada.

Oitavo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

6.- BAIXA DA LICENZA PARA ENTRADA E SAÍDA DE VEHÍCULOS, NÚMERO 49, CONCEDIDA Á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO DA RÚA ENLACE PARQUE Nº 5 O 9 DE ABRIL DE 1990.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 22 de febreiro de 2016:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. Por acordo da Comisión de Goberno adoptado no punto número 3 da orde do día da sesión realizada o nove de abril de mil novecentos noventa, conedeuse á Comunidade de propietarios do edificio da rúa Enlace Parque nº 5, licenza para a entrada e saída de vehículos (vado) a través da vía pública para o garaxe situado no baixo do edificio.

Segundo. O 2 de febreiro de 2016 don Marcelino Lema Piñeiro, secretario administrador da comunidade, solicita a baixa definitiva desta licenza. Achega copia do recibo da Taxa pola entrada de vehículo correspondente ao exercicio 2014.

Terceiro. O 5 de febreiro de 2016 requíreselle a don Marcelino Lema Piñeiro para que presente nas oficinas municipais a placa de vado permanente que lle foi facilitada no seu día.

Cuarto. O 15 de febreiro de 2016 o solicitante fai entrega nas oficinas municipais da placa de vado número 49, mediante escrito presentado no rexistro co número 1292.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. O artigo 82 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública deste Concello, aprobada polo Pleno en sesión realizada o 23 de xullo de 2004 e publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267 do 19 de novembro de 2004, recolle que "*cando se solicite a baixa ou anulación da licenza de entrada de vehículos de que se disputa por deixar de usar o local como aparcamento, deberase suprimir toda a sinalización indicativa da existencia da entrada, reparar o bordo da beirarrúa ó estado inicial e entregar a*

placa nos servicios municipais correspondentes"

Segundo. O artigo 76 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública deste Concello recolle que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión deste tipo de licenzas, do que se estrae que tamén é o órgano competente para aprobar a súa transmisión.

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Dar de baixa a licenza para a entrada e saída de vehículos pola vía pública, número 49, concedida o 9 de abril de 1990 á Comunidade de propietarios do edificio da rúa Enlace Parque nº 5 para o garaxe situado no baixo do edificio.

Segundo. Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o señor Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Dar conta do presente acordo aos departamentos de Intervención-Tesourería e Policía Local.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Dar de baixa a licenza para a entrada e saída de vehículos pola vía pública, número 49, concedida o 9 de abril de 1990 á Comunidade de propietarios do edificio da rúa Enlace Parque nº 5 para o garaxe situado no baixo do edificio.

Segundo. Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o señor Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Dar conta do presente acordo aos departamentos de Intervención-Tesourería e Policía Local.

7.- AUTORIZACIÓN PARA A OCUPACIÓN DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO COA INSTALACIÓN DUNHA TERRAZA DE TEMPORADA NO NÚMERO 11 DA PRAZA DAS TRAVESAS, SOLICITADA POR PULPERÍA RIAL ANGUEIRA S.L. EXPEDIENTE 02/2016-ODP-TR.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 22 de febreiro de 2016:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. O 4 de febreiro de 2016, con número de rexistro de entrada 963, don José Manuel Rial Reboiras, en representación de Pulpería Rial Angueira S.L., solicita autorización para ocupación de terreos de dominio público coa instalación dunha terraza de temporada, durante os meses de marzo a agosto do 2016, composta por catro mesas coas súas correspondentes cadeiras, diante do seu establecemento denominado "Pulpería Rial", situada no número 11 da praza das Travesas.

Segundo. O 8 de febreiro de 2016 a Policía Local emite informe ao respecto no que sinala que non existe inconveniente en que se lle conceda o solicitado.

Fundamentos de dereito.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Primeiro. De acordo ao establecido nos artigos 58 a 69 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 267, do 19 de novembro de 2004.

Segundo. Considerando que a competencia para o outorgamento deste tipo de licenzas é do Alcalde en base ao establecido no artigo 21.1.q. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como o artigo 5 da devandita Ordenanza Municipal, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Conceder a Pulpería Rial Angueira S.L. autorización de temporada, de marzo a agosto de 2016, para instalar unha terraza composta por catro mesas coas súas correspondentes cadeiras, diante do seu establecemento denominado "Pulpería Rial", situado no número 11 da praza das Travesas.

Segundo. A presente autorización demanial queda condicionada ao cumprimento das obrigas establecidas na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública e demais normativa de aplicación e nas condicións xerais que como Anexo I se achegarán coa notificación do presente acordo e que forman parte integrante da mesma.

Terceiro. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación da taxa que resulte de aplicación.

Cuarto. Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados dende a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Quinto. Dar conta do presente acordo aos departamentos de Intervención-Tesourería e Policía Local.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Conceder a Pulpería Rial Angueira S.L. autorización de temporada, de marzo a agosto de 2016, para instalar unha terraza composta por catro mesas coas súas correspondentes cadeiras, diante do seu establecemento denominado "Pulpería Rial", situado no número 11 da praza das Travesas.

Segundo. A presente autorización demanial queda condicionada ao cumprimento das obrigas establecidas na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública e demais normativa de aplicación e nas condicións xerais que como Anexo I se achegarán coa notificación do presente acordo e que forman parte integrante da mesma.

Terceiro. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación da taxa que resulte de aplicación.

Cuarto. Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados dende a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Quinto. Dar conta do presente acordo aos departamentos de Intervención-Tesourería e Policía Local.

8.- AUTORIZACIÓN PARA A OCUPACIÓN DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO COA INSTALACIÓN DUNHA TERRAZA ANUAL NO NÚMERO 11 DA PRAZA DAS TRAVESAS, SOLICITADA POR PULPERÍA RIAL ANGUEIRA S.L. EXPEDIENTE 03/2016-ODP-TR.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 22 de febreiro de 2016:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. O 4 de febreiro de 2016, con número de rexistro de entrada 964, don José Manuel Rial Reboiras, en representación de Pulpería Rial Angueira S.L., solicita autorización para ocupación de terreos de dominio público coa instalación dunha terraza durante todo o ano 2016, composta por cinco mesas coas súas correspondentes cadeiras, diante do seu establecemento denominado "Pulpería Rial", situada no número 11 da praza das Travesas.

Segundo. O 8 de febreiro de 2016 a Policía Local emite informe ao respecto no que sinala que non existe inconveniente en que se lle conceda o solicitado, pero que *"...unha parte da terraza ocuparía parte da fachada do inmovible contiguo para o cal necesita autorización expresa do titular do edificio"*.

Terceiro. O 11 de febreiro de 2016 faise requerimento a don José Manuel Rial Reboiras para que presente a autorización expresa do propietario do inmovible afectado pola instalación da terraza, autorización que é presentada o día 15 de febreiro de 2016, con número de rexistro de entrada 1323.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. De acordo ao establecido nos artigos 58 a 69 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 267, do 19 de novembro de 2004.

Segundo. Considerando que a competencia para o outorgamento deste tipo de licenzas é do Alcalde en base ao establecido no artigo 21.1.q. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como o artigo 5 da devandita Ordenanza Municipal, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propoño á Xunta de Goberno Local:


Primeiro. Conceder a Pulpería Rial Angueira S.L. autorización anual, de xaneiro a decembro de 2016, para instalar unha terraza composta por cinco mesas coas súas correspondentes cadeiras, diante do seu establecemento denominado "Pulpería Rial", situado no número 11 da praza das Travesas.

Segundo. A presente autorización demanial queda condicionada ao cumprimento das obrigas establecidas na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública e demais normativa de aplicación e nas condicións xerais que como Anexo I se achegarán coa notificación do presente acordo e que forman parte integrante da mesma.

Terceiro. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación da taxa que resulte de aplicación.

Cuarto. Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados dende a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Quinto. Dar conta do presente acordo aos departamentos de Intervención-Tesourería e Policía Local.>>



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Conceder a Pulpería Rial Angueira S.L. autorización anual, de xaneiro a decembro de 2016, para instalar unha terraza composta por cinco mesas coas súas correspondentes cadeiras, diante do seu establecemento denominado "Pulpería Rial", situado no número 11 da praza das Travesas.

Segundo. A presente autorización demanial queda condicionada ao cumprimento das obrigas establecidas na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública e demais normativa de aplicación e nas condicións xerais que como Anexo I se achegarán coa notificación do presente acordo e que forman parte integrante da mesma.

Terceiro. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación da taxa que resulte de aplicación.

Cuarto. Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados dende a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Quinto. Dar conta do presente acordo aos departamentos de Intervención-Tesourería e Policía Local.

9.- AUTORIZACIÓN PARA A OCUPACIÓN DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO COA INSTALACIÓN DUNHA TERRAZA NO NÚMERO 7 DA TRAVESÍA CAMPO DA FEIRA, SOLICITADA POR DONA MANUELA CALVO GENS. EXPEDIENTE 04/2016-ODP-TR.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 22 de febreiro de 2016:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. O 15 de febreiro de 2016, con número de rexistro de entrada 1294, dona Manuela Calvo Gens solicita autorización para a ocupación de terreos de dominio público coa instalación dunha terraza durante todo o ano 2016, composta por seis mesas coas súas correspondentes cadeiras, diante do seu establecemento denominado "Portón Bello", situado no baixo do número 7 da travesía Campo da Feira. Achega coa solicitude croquis de situación das mesas.

Segundo. O 17 de febreiro de 2016 a Policía Local emite informe ao respecto no que sinala que non existe inconveniente en que se lle conceda autorización.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. De acordo ao establecido nos artigos 58 a 69 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 267, do 19 de novembro de 2004.

Segundo. Considerando que a competencia para o outorgamento deste tipo de licenzas é do Alcalde en base ao establecido no artigo 21.1.q. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como o artigo 5 da devandita Ordenanza Municipal, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Conceder a dona Manuela Calvo Gens autorización anual, de xaneiro a decembro 2016, para

instalar unha terraza composta por seis mesas coas súas correspondentes cadeiras, diante do seu establecemento denominado "Portón Bello", situado no baixo do número 7 da travesía Campo da Feira.

Segundo. A presente autorización demanial queda condicionada ao cumprimento das obrigas establecidas na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública e demais normativa de aplicación e nas condicións xerais que como Anexo I se achegarán coa notificación do presente acordo e que forman parte integrante da mesma.

Terceiro. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación da taxa que resulte de aplicación.

Cuarto. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Sr. Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Quinto. Dar conta do presente acordo aos departamentos de Intervención-Tesourería e Policía Local.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Conceder a dona Manuela Calvo Gens autorización anual, de xaneiro a decembro 2016, para instalar unha terraza composta por seis mesas coas súas correspondentes cadeiras, diante do seu establecemento denominado "Portón Bello", situado no baixo do número 7 da travesía Campo da Feira.

Segundo. A presente autorización demanial queda condicionada ao cumprimento das obrigas establecidas na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública e demais normativa de aplicación e nas condicións xerais que como Anexo I se achegarán coa notificación do presente acordo e que forman parte integrante da mesma.

Terceiro. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación da taxa que resulte de aplicación.

Cuarto. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Sr. Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Quinto. Dar conta do presente acordo aos departamentos de Intervención-Tesourería e Policía Local.

10.- AUTORIZACIÓN PARA A OCUPACIÓN DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO COA INSTALACIÓN DUNHA TERRAZA NO NÚMERO 8 DA RÚA HERREROS, SOLICITADA POR DON PABLO FERNÁNDEZ CARBALLO. EXPEDIENTE 05/2016-ODP-TR.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 22 de febreiro de 2016:

<<**Antecedentes administrativos.**

Primeiro. O 15 de febreiro de 2016, con número de rexistro de entrada 1330, don Pablo Fernández Carballo solicita autorización para ocupación de terreos de dominio público coa instalación dunha terraza durante todo o ano 2016, composta por catro mesas coas súas correspondentes cadeiras, diante do seu

